

DONBASS

[Sergei Loznitsa, 2018]

513

ESTREA EN NUMAX: 18.04.2019 | V.O.S.E. | +12

Donbass (2018, 120')

Dirección: Sergei Loznitsa

Guión: Sergei Loznitsa

Elenco: Valeriu Andriuta, Evgeny Chistyakov, Georgi Deliyev, Vadim Dubovsky, Konstantin Itunin, Boris Kamorzin, Sergei Kolesov, Svetlana Kolesova, Thorsten Merten

Montaxe: Danielius Kokanauskis

Vestuario: Dorota Roqueplo

Música: Vladimir Golovnitiski

Fotografía: Oleg Mutu

Productoras: Arthouse Traffic, Graniet Film BV, JBA Production, Majade Fiction, Wild at Art (Ucraina, Alemaña, Francia, Holanda, Rumanía)

Distribuidora: Alfa Pictures

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Ruso, ucranio

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Mellor Dirección Un Certain Regard), Sevilla 2018 (Mellor Filme)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Victory Day, 2018

A Gentle Gesture, 2017

Austerlitz, 2015

El último imperio (The Event), 2015

Maidan, 2014

En la niebla, 2012

My Joy, 2010

Bloqueo, 2006

Parada de tren, 2008 [curtametraxe]

SINOPSE

Cando se chama paz á guerra, cando a propaganda se presenta como a verdade, cando se lle chama amor ao odio, é aí onde a mesma vida comeza a parecerse á morte.

«Un filme incómodo, caótico e brutal. Parafraseando a Coppola, non se conta a guerra, é el mesmo a guerra. Soberbio»

Luis Martínez, EL MUNDO



“A estrutura de Donbass inspírase en Eisenstein e *El fantasma de la libertad*”

Entrevista con Sergei Loznitsa

Por Eric Hynes

Donbass semella un filme moito máis directo en termos do que trata, a quen trata e onde e cando ten lugar que *A Gentle Culture* (2017), moito máis alegórico e folclórico. Semella acompañar mellor outra peza túa do ano pasado, o documental *Victory Day* (2018). Todos estes filmes tratan o tema da caída e a desintegración, un proceso que está a ter lugar no territorio que antes foi o Imperio Ruso, desde a Revolución de 1917. E todos estes filmes conteñen pegadas, ecos e reflexos da guerra. Con *Donbass* deixei de insinuar. Decidín chamar ás cousas polo seu nome porque todo o que conto sucedeu realmente. Porén, o elemento que distingue este filme dos anteriores é que non hai protagonistas principais. Cada un dos protagonistas vai desaparecendo. Había tempo que quería xogar con esta caste de estrutura. Inspírase nos experimentos de Eisenstein e emprega a mesma técnica que Buñuel en *El fantasma de la libertad* (1974). É unha colección de episodios e en cada un hai un personaxe que aparece no seguinte. E a miña intención era que cada episodio representase unha perspectiva do omnipresente proceso de desintegración e caída. Case todos os

episodios teñen un referente documental no que houbo xente a filmar esta caste de situacións reais cos seus móbiles e que logo foron subidos a internet.

E transmites esa urxencia. Se cadra é o filme máis malicioso que fixen en tempo. Ou cando menos o máis anoxado. Se cadra porque transmite ben a miña actitude cara a esta guerra.

É diferente do enfado de obras como *My Joy* (2010), onde o malestar se vai construíndo ao longo dunha vida. Aquí hai unha sensación de inmediatez. É unha reacción, si. Pódolo sentir así. É case subconsciente, non sucede voluntariamente. É como un reflexo. Reacciono con enfado. Non controlo este sentimento. Cando escribín o guión comecei a amosalo aos meus colegas e investidores, e todos se sorprenderon pola dureza do texto. Todo dixeron que se se percibía así por escrito, como sería velo na pantalla. Un xornalista de Australia díxome que o filme era como unha alucinación escura, e non podía crer que algo baseado na vida real puidese ser así. Esa é a impresión de alguén que nunca experimentou a guerra.

Os planos secuencia neste filme semellan cruciais, non atopamos apenas cortes que nos permitan fuxir do que estamos a ver. Con esta escolla querías preservar a idea de verosimilitude, dunha vivencia no espazo que constrúches? Cada corte é como un sinal no que lembro ao público de que está a ver unha historia

contada por alguén. Por tanto hai unha manipulación, unha manufactura. Mentres que unha toma longa sitúa o espectador dentro da escena e dá a sensación de estar a vivila aquí e agora.

Tes empregado a palabra *documental* nalgunhas ocasións para describir a túa aproximación a *Donbass* e gustaríame volver a isto. O mundo ao que me remitiu o filme ao velo é *xornalístico*. Porque hai unha dramatización de feitos moi recentes que eu non teño necesariamente por que coñecer. Cada vez que fago ficción quero aproximarme o máis posíbel a esa fronteira entre ficción e documental. E ao revés, tento que os meus documentais se acheguen á ficción

Refíreste á hiperestilización, o formalismo? Si, a cámara creativa. En cada un dos meus documentais escollo as imaxes non tanto pola súa estética, senón por motivos conceptuais, reflexións intelectuais que quero formular. O propósito da arte é informarnos sobre a natureza ficticia da propia obra. É a nosa responsabilidade lembrar o espectador de que todo obra de arte é ficcional. A invención do cinema coincidiu na arte co cubismo, o expresionismo e a arte abstracta, Picasso, Dali, Duchamp. Eles dicían: «Non é a vida, é a arte, non te trabuques!». Anunciando e subliñando o seu propio artificio. Sí, é unha protesta contra a ocupación da imaxe.

Publicado en filmcomment.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Blockade / Landscape / Revue, Sergei Loznitsa
New Wave Films [DVD]

Revue / The Event, Sergei Loznitsa
Potemkine [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenumax